

Convocatoria de subvencións dirixidas a todo interesado maior de idade para participar no CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “ARZÚA CAMIÑA” DO CONCELLO DE ARZÚA 2020.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicarase o extrato da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base Nacional de Subvenciones.

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios de ditas subvencións todas as persoas maiores de idade de calquera nacionalidade.

Segundo. Finalidade.

Poñer en valor o Camiño de Santiago ao seu paso por Arzúa, así como os recursos turísticos do municipio a través de imaxes fotográficas con motivo do Xacobeo 2021.

Terceiro. Bases reguladoras.

As bases encóntranse publicadas na páxina web do Concello [www.arzua.gal](http://www.arzua.gal)

Cuarto. Importe.

Destinarase a cantidade máxima de 600 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.480.00 para os seguintes premios:

12 premios de 50 euros cada un.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

No correo electrónico [cultura@concellodearzua.com](mailto:cultura@concellodearzua.com) desde o día da publicación do anuncio da convocatoria ata o 30 de outubro de 2020.

En Arzúa, 15 de setembro de 2020.